



**Sesión Extraordinaria número 8 celebrada polo Pleno do Concello o
día 30 de maio de 2016**

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- Sorteo Formación Mesas Electorais, con motivo das Eleccións Xerais a celebrar o día 26 de Xuño de 2016

No salón de sesións da Casa do Concello, e sendo as trece cincuenta horas do 30 de maio de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, Julio César Mougán Vázquez, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Jorge Varela Couñago e Xoán Carlos González Campo.

Non asisten María del Carmen Amoedo Dasilva, Francisco Javier Alonso González, Digna Rosa Rivas Gómez, Beatriz Laíño Ferreira e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar lo punto único da Orde do día.

Celebración do Sorteo Formación Mesas Electorais, con motivo das Eleccións Xerais a celebrar o día 26 de Xuño de 2016

ANTECEDENTES:

Á vista do Real Decreto 184/201, de 03 de maio, de disolución do Congreso dos Diputados e do Senado e convocatoria de eleccións, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 107 de data 03/05/2016.

Dado que o artigo 26 da Lei do Réxime Electoral Xeral dispón: “Que as formacións das Mesas compete os concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona.

O presidente e vocais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade de persoas censadas en cada unha das seccións.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Dado que pola empresa WURTH, encargada do subministración do programa de xestión do Padrón Municipal de Habitantes, remitíuse un programa de eleccións, co obxecto de facilitar a xestión e control dos procesos electorais.

Á vista de que o devandito programa sorteia aleatoriamente os compoñentes das Mesas Electorais mediante unha fórmula baseada, entre outras cuestións, no valor numérico da hora, minuto e segundo, esta alcaldía propón se realice dito sorteo de forma automática co programa remitido, no Departamento de Estatística.

VOTACION E ACORDO.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes, sendo 16 votos a favor (7 do PP, 5 do PSOE, 3 AER e 1 BNG), acorda aprobar a proposta da alcaldía antes transcrita, e na súa consecuencia que se realice dito sorteo de forma automática, no departamento de Estatística, co programa remitido pola empresa WURTH trasladándose a dito departamento unha representación de cadanseu dos grupos políticos que integran a corporación ao obxecto de celebrar o sorteo, co resultado obrante no expediente da plataforma Gestiona número 3759/2016.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:57 horas da do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-